
ADENDA PROGRAMACIÓN FÍSICA E QUÍMICA

IES María Casares

Curso 2021-2022

Por mor da *Orde do 25 de xaneiro*, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, engádese esta adenda á programación didáctica do departamento de Física e Química. Nela modifícanse os criterios de cualificación do seguinte xeito:

Física e Química de 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO

Onde poñía (páx. 32 para 2º ESO, páx. 57 para 3º ESO e páx. 95 para 4º ESO):

- *“En caso contrario o/a alumno/a deberá facer en xuño un exame sobre a materia da avaliación/s nas que non acadou a nota mínima. No caso de non acadar as condicións necesaria para superar a materia a nota final debera ser 4 ou inferior”.*

Substitúese agora por:

- *“En caso contrario o/a alumno/a deberá facer en xuño actividades de recuperación sobre a materia da avaliación/s nas que non acadou a nota mínima e superar unha nova proba sobre esa materia. No caso de non acadar as condicións necesaria para superar a materia a nota final debera ser 4 ou inferior”.*

Onde poñía (páx. 32 para 2º ESO, páx. 57 para 3º ESO e páx. 95 para 4º ESO):

- *“O alumnado que, tendo a materia aprobada, queira subir a súa nota media, poderá presentarse ao exame final sen risco de baixar a nota”.*

deberá poñer:

- *“O alumnado que, ao remate da terceira avaliación, xa teña a materia aprobada, fará en xuño actividades de reforzo e ampliación. Poderá presentarse a unha proba final na que poderá subir a súa nota media, sen risco de baixala”.*

Por último, onde poñía (páx. 32 para 2º ESO, páx. 58 para 3º ESO e páx. 96 para 4º ESO):

- *“Na avaliación extraordinaria de xuño só se terá en conta a nota do exame, que debe ser 5 ou superior”.*

Poñerá agora:

- *“Non haberá avaliación extraordinaria”.*

Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional, de 4º ESO

Onde poñía (páx. 117):

- *“A cualificación final do/a alumno/a será a media aritmética das notas das tres avaliacións, sempre que estas sexan iguais ou superiores a 4, en caso contrario deberá facer un exame sobre a materia da/s avaliación/s nas que non acadou a nota mínima. En caso de non acadar este valor, a nota final debera ser 4 ou inferior”.*

Substitúese agora por:

- *“A cualificación final do/a alumno/a será a media aritmética das notas das tres avaliacións, sempre que estas sexan iguais ou superiores a 4, en caso contrario o/a alumno/a deberá facer en xuño actividades de recuperación sobre a materia da avaliación/s nas que non acadou a nota mínima e superar unha nova proba sobre esa materia. No caso de non acadar as condicións necesaria para superar a materia a nota final debera ser 4 ou inferior”.*

Engádese o seguinte punto:

- *“O alumnado que, ao remate da terceira avaliación, xa teña a materia aprobada, fará en xuño actividades de reforzo e ampliación. Poderá presentarse a unha proba final na que poderá subir a súa nota media, sen risco de baixala”.*

Por último, onde poñía (páx. 118):

- *“Na avaliación extraordinaria de xuño só se terá en conta a nota do exame, que debe ser 5 ou superior”.*

Poñerá agora:

- *“Non haberá avaliación extraordinaria”.*

Pendientes Física e Química de 2º ESO e 3º ESO

Tanto na avaliación da materia pendente de Física e Química de 2º ESO (páx. 33) como da pendente de Física e Química de 3º ESO (páx. 58), onda poñía:

- *“En caso contrario o/a alumno/a deberá facer en maio un exame sobre a materia da/s avaliación/s nas que non acade a nota mínima. En caso de non acadar este valor, a nota final debera ser 4 ou inferior”.*

Substitúese agora por:

- *“En caso contrario o/a alumno/a deberá facer en xuño un exame sobre a materia da/s avaliación/s nas que non acade a nota mínima. En caso de non acadar este valor, a nota final debera ser 4 ou inferior”.*

E onde poñía:

- *“Na avaliación extraordinaria de xuño só se terá en conta a nota do exame, que debe ser 5 ou superior á 5”.*

Substitúese por:

- *“Non haberá avaliación extraordinaria”.*

Pendientes Física e Química de 1º de Bacharelato

Onde poñía (páx. 153):

- *“O alumnado que non supere a materia nesta oportunidade terá outra durante o mes de maio na que se examinará da parte que non aprobara nos parciais”.*

Deberá poñer:

- *“O alumnado que non supere a materia nesta oportunidade terá outra durante o mes de xuño na que se examinará da parte que non aprobara nos parciais”.*

E onde poñía (páx. 153):

- *“Os que non superen a materia en maio examinaranse, na convocatoria extraordinaria, de toda a materia do curso”.*

Substitúese por:

- *“Os que non superen a materia no último exame por parciais examinaranse, na convocatoria extraordinaria, de toda a materia do curso”.*